



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Mecánica e Ondas	Código	610G04002	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Física e Ciencias da Terra			
Coordinación	Segade Zas, Luisa Maria	Correo electrónico	luisa.segade@udc.es	
Profesorado	Segade Zas, Luisa Maria	Correo electrónico	luisa.segade@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo fundamental da materia é a adquisición de conceptos básicos de mecánica clásica e ondas, que faciliten a comprensión das materias de Física ou de outras disciplinas que forman parte do plan de estudos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Aprender a traballar cos distintos sistemas de coordenadas	A1 A2 A3	B5 B7 B8
Comprender os fundamentos da mecánica clásica Newtoniana	A1 A2 A3	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C4 C7 C8 C9
Coñecer as propiedades das ondas e a súa representación analítica	A1 A2 A3	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B11	C1 C2 C4 C7 C8 C9



Saber como se pode influir nunha onda forzánoa, así como súa atenuación	A1 A2 A3	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B11	C1 C2 C4 C7 C8 C9
Entender o fenómeno da resonancia e a formación de ondas estacionarias	A1 A2 A3	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B11	C1 C2 C4 C7 C8 C9

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE 1. Introducción	1.1. Magnitudes 1.2. Vectores 1.3. Sistemas de coordenadas
BLOQUE 2. Mecánica	2.1. Cinemática dunha partícula 2.2. Dinámica dunha partícula 2.3. Traballo e enerxía 2.4. Dinámica dun sistema de partículas e do sólido ríxido 2.5. Estática 2.6. Flúidos
BLOQUE 3. Ondas	3.1. Oscilacións 3.2. Ondas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 B5 B8 B9 B11 C4 C7 C8 C9	32	48	80
Seminario	A1 A2 A3 B1 B2 B7 B8	16	32	48
Traballos tutelados	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C7 C8 C9	0	16	16
Proba mixta	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7 B8 B9 B11 C1 C4 C9	4	0	4
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Presentación dos conceptos e leis asociados aos fundamentos da mecánica e as ondas.
Seminario	Aplicación dos conceptos presentados nas sesións maxistrais mediante a resolución de exercicios de maneira interactiva.
Traballos tutelados	Realización dun traballo tutelado que consistirá en desenvolver unha serie de tarefas de forma colaborativa dentro dun grupo.
Proba mixta	Realización de forma individual de probas sobre os contidos teóricos e prácticos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá no seguimento da evolución do traballo ou ben na resolución das dúbidas relacionadas coa súa elaboración, e terán lugar de forma individual ou en grupo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C1 C2 C4 C7 C8 C9	Propoñerase a realización dun traballo grupal.	30
Proba mixta	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7 B8 B9 B11 C1 C4 C9	Realizarase unha proba parcial (PARCIAL 1) que podería liberar materia da proba final (tanto da primeira como da segunda oportunidade) en caso de alcanzar a puntuación mínima esixida. O exame final, composto polo PARCIAL 1 e o PARCIAL 2, computa ata un 70% da nota final.	70

Observacións avaliación



PRIMEIRA OPORTUNIDADE

Aproximadamente a metade de cuatrimestre, realizarase unha proba parcial (PARCIAL 1) que podería liberar materia do exame final no caso de que o estudante alcance unha puntuación mínima de 1,4 puntos sobre 3,5.

Durante o período de docencia, propoñerase a realización dun traballo tutelado que se elaborará en grupo. Este traballo terá un peso na cualificación dun máximo de 3,0 puntos sobre 10 e non se requirirá puntuación mínima.

Coincidindo coa data oficial de avaliación da primeira oportunidade, realizarase un exame final que constará de dous partes (PARCIAL 1 + PARCIAL 2).

Para aprobar a materia, os estudantes haberán de alcanzar un mínimo de 5,0 puntos tras sumar todas as cualificacións das actividades de avaliación e, ademais, haberán de obter unha puntuación mínima de 1,4 puntos sobre 3,5 en cada un dos dous parciais de que consta o exame final.

SEGUNDA OPORTUNIDADE

Realizarase un exame final que constará de dous partes (PARCIAL 1 + PARCIAL 2).

Aqueles estudantes que na primeira oportunidade alcanzasen nalgún dos dous exames parciais un mínimo de 1,4 puntos sobre 3,5 terán a opción de non repetilo na segunda oportunidade e, por tanto, conservar a cualificación anteriormente obtida. A cualificación obtida para o traballo grupal conservarase na segunda oportunidade.

Para aprobar a materia os estudantes haberán de alcanzar un mínimo de 5,0 puntos tras sumar todas as cualificacións das actividades de avaliación (traballo e parciais) e, ademais, haberán de obter unha puntuación mínima de 1,4 puntos sobre 3,5 en cada un dos dous parciais.

TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA

A avaliación do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia seguirá os mesmos criterios, e consistirá nas mesmas probas que o resto do alumnado.

FRAUDE NAS ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Durante a realización da proba práctica, en calquera das dúas oportunidades, agás que se indique o contrario, está prohibido o uso de calquera dispositivo con acceso a Internet. Se durante a realización da proba práctica hai indicios do uso non autorizado deses dispositivos, o estudante será expulsado da aula, e procederase segundo a Ley 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria e o regulamento disciplinar do estudantado da UDC.

A

realización fraudulenta das probas e/ou actividades implicará directamente a cualificación de suspenso ("0") na materia na convocatoria correspondente, invalidando calquera cualificación obtida en tódalas actividades de cara á seguinte oportunidade, de existir, dentro do mesmo curso académico. Considérase fraudulenta a realización das actividades, propostas a ser completadas presencialmente na aula, que se fagan dende fora da aula, procedendo segundo a Ley 3/2022, de 24 de febreiro, de convivencia universitaria e o regulamento disciplinar do estudantado da UDC.

CUALIFICACIÓN AO FINAL DO PROCESO DE AVALIACIÓN

Aqueles estudantes que cumpran os requisitos mínimos e alcancen un mínimo de 5,0 puntos, aprobarán a materia. Aqueles estudantes que non alcancen a puntuación mínima establecida nalgunha das partes do exame final (1,4 puntos), esta non computará na cualificación final e, ademais, tras a suma das cualificacións, só poderán obter unha cualificación global máxima de 4,5 puntos. A cualificación de "Non Presentado" figuraralle a aqueles estudantes que non se presenten ás probas obxectivas.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Paul A. Tipler, Gene Mosca (2011). Física para la ciencia y la tecnología. Reverté - Raymond A. Serway, John W. Jewett (2005). Física para ciencias e ingenierías. Thomson
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago Burbano de Ercilla, Enrique Burbano Garcia, Carlos Gracia Muñoz (2006). Física general. Tébar - Santiago Burbano de Ercilla, Enrique Burbano Garcia, Carlos Gracia Muñoz (2006). Problemas de física. Tébar - José María De Juana Sardón (2007). Física General. Volumen 1. Pearson - Marcelo Alonso, Edward J. Finn (2000). Física. Addison-Wesley - Hugh D. Young (2007). Sears & Zemansky college physics. Pearson - Raymond A. Serway, John W. Jewett, Jr. (2014). Physics for scientists and engineers. Brooks/Cole, Cengage Learning - Richard P. Feynman, Robert B. Leighton, Matthew Sands (1975). The Feynman lectures on physics Feynman física. Fondo Educativo Interamericano

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fundamentos de Matemáticas/610G04001

Materias que continúan o temario

Observacións

COÑECEMENTOS PREVIOS Recoméndase ter coñecementos de Física de Bacharelato. PROGRAMA GREEN CAMPUS FACULTADE DE CIENCIAS Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: a) Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático. b). De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a realización de borradores

PERSPECTIVA DE XÉNERO Tal e como se recolle nas competencias transversais do título (C4), fomentarse o desenvolvemento dunha cidadanía crítica, aberta e respectuosa coa diversidade na nosa sociedade, salientando a igualdade de dereitos do alumnado sen discriminación por cuestión de xénero ou condición sexual.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías